


# A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» na Galiza e nas colonias

d'América e Portugal

154

ANO MCMXXI



PREZOS DE SUSCRIZÓN: Na Cruña, 6 mes, 40 cmos.; Fora, trimestre, 1'50 ptas.  
América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 cmos.—Pagos adiantados

Redacción e Administración: Praza María Pita, 17, baixos, CRUÑA


# Ford

## EL AUTOMÓVIL UNIVERSAL

Nova baixa de prezos postos en vigor

		ANTES	AHORA
CHASSIS COMUN...	Pesetas	4.480	<b>4.230</b>
VOITURETTE para 2 pasaxeiros, aberto con arranque	"	6.300	<b>6.070</b>
VOITURETTE > 2 » » sin » "	"	5.790	<b>5.675</b>
DOBLE FAETON > 5 » » con » "	"	6.630	<b>6.350</b>
DOBLE FAETON > 5 » » sin » "	"	6.125	<b>5.965</b>
SEDAN » 5 » (coche cerrado con arranque)	"	12.050	<b>11.290</b>
COUPE » 2 » » » "	"	10.975	<b>10.215</b>
CHASIS AUTO-CAMION, de 1 tonelada	"	5.050	<b>5.735</b>

Estos prezos enténdense bordo Cádiz con dereitos de Aduanas pagados



Axiña recibiréi unha remesa de vinte autos e camiños, polo que recomendo aos moitos clientes que lles ntrexa adequirilos, faigan os pedidos EN FIRME, pois a demanda é moi superior as posibilidades da entrega inmediata. As entregas faranse por riguroso orde de turno.

Gran servicio económico de autos de alquiler

**LUIS GRANADOS**  
AXENTE

Oficina, Exposición, Garaxe e Salón de venda de pezas de recambio e toda crás de accesorios para automóviles

Todas mis ofertas se entienden sin compromiso y sujetas a mi confirmación.  
As mercancías viaxan por conta e resgo do comprador, non admitindo devolta dempois da saídas do almacén

**Payo Gómez, 5** **A Cruña** **Teresa Herrera, 6**  
DIRECCIÓN TELEGRÁFICA: **LUGRAFORD**

# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCEÑAL

ANO V — NÚMERO 154 — 31 NADAL 1921

1922

Irmaos leitores: ao entramos no ani novo desexamos para vos prosperidades a eito. E desexamos en col de todo moitos trunfos para a santa causa galega. Que nista etapa de tempo que vai rubrada co'a cifra 1922, a nosa Terra poida ser un pouco mais nosa que o ten sido até agora. Que conquiramos maor libertade e maiores loureiros. Que logremos facer xurdire novas fontes de sentimento pátrio. Que cada un e todos traballemos con mais fortes azos que nunca e con folgos mais barudos pol-a redenzón de Galiza.

Chegou a hora de se sacrificaren os pobos de raza celtiga pol-o conquerimento da sua persoalidade e da sua independenza espitoal, para ben da civilización do mundo.

E Galiza non pode, si ten instinto de conservación, seguir sofrindo o xugo que ll'aferrolla a i-alma e mail-o corpo. Xugo imposto pol-o Estado hespañol feitura de un malfadado imperialismo castelán.

Galiza ten de pensar que ningunha terra ibérica, tal e como ela pode vivir unha vida próspera e libre por si mesma, asin no orde económico como no espíritoal. Pesi-o que, e a mais escrava, a mais exprotada e a mais desprezada e aldraxada pol-a pseudo-cultura castelán e pol-os noxentos políticos hespañóis.

Até que o nome de «galego» sone nas outuras da Meseta como un golpe de fouce que impona medo e respeto-inda que nos chamen bárbaros, que é preferibel a que nos chamen mansos e burros, tal que agora—e até que todolos compatriotas, donos de miolos, áchense decadados de que a nosa terra ten o probremo da sua libertade por resolvore.

Non paz, sinon guerra, pois, vos desexam-s, irmaos leitores, no anincvo.

## HORAS CRÍTICAS

### O triunfo da Inglaterra

O Tratado de Paz rubrado polos irlandeses Arthur Griffith, Michael Collins, Robert Barton, E. J. Duggan e Gaban Duffy é, na historia dos movementos nazionalistas, unha das mais fondas derrotas sufridas polas nosas ideias. Tan fonda e tan forte a derrota, qu'eu coido que tennos de faguere moi dano. Tan fonda e tan forte qu'eu, non afeito a disfrazare o meu pensamento, non sei que pensare da boa fe e da honradez dos irlandeses que rubraron tal Tratado.

Os irlandeses abranguefon unha cousa: o troque de nome dasua terra. Nada mais qu'eso. Un troque de etiqueta. Nada mais qu'eso. En vez de se chamare Irlanda, d'equí en diante chamarase «Estado Libre da Irlanda».

Pra isto non valía a pena, realmentes, de fagueren unha loita de oito séculos.

Porqu'hai un feito, rubrado n'ise Tratado, dunha grande gravedade. É o reconocemento do dreito da minoría ulsteriana á sua independenza e ao seu arredamento da Irlanda. Ise precedente, que non tén precedente no mundo, é de unha inmensa gravedade. De tal gravedade, que vai servire de precedente a todolos imperialismos priabafaren a todolos nazionalismos. De tal jeito que ja ningún nazionalismo pode pensare n'unha completa satisfacción dos seus ideaes.

Poñamos o exemplo da Hespaña. Abondará con qu'os patrioteiros argallen, artificialmente, no seo de cada nazionalidade, unha pequena minoría—cousa ben doada—pra que cada nazionalidade fique rachada en tantos anacos como minorías. Na Cataluña pode faguelo. «A Unión monárquica». Con teren na mán un distrito e seren n'il donos dos votos do Auntamento, abondará pra qu'o Vich, o

Reus, ou calquera outra vila ou cibdade catalán, poida arredárese da Cataluña. O precedente do Ulster abondará pra justificalo. E ise precedente terá de sere de cote, nas más dos imperialistas, a máis forte arma qu'ende jamás tiveron.

Na Galiza pode suceder o mesmo. Poden os «picores», fronte a o pensamento unánime da nosa Terra, crearen unha minoría argallada. Elo abondará pra arredar o Vigo, a Cruña, calquera outra cibdade do resto de Galiza. ¡Isto é o feito polos irlandeses que rubraron o Tratado!

Mais non está ehí, soiamentes, a gravedade do feito

A cousa, si ben se mira, é ainda máis grave do que parece. Porqu'o reconocemento do dreito das minorías ao seu arredamento, supón qu'isas minorías no futuro, PODEN SEREN NOVA BASE DE DESNAZONALIZACIÓN. O Ulster, arredado da Irlanda, pode sere, no día de mañán, o pior nemigo da Irlanda. O pior nemigo porque ademais de crebare o principio da unidade da nazón irlandesa, e a eterna garantía, pr'a Inglaterra, de qu'o seu esprito FICARÁ, VIVO E AGIRIGANTE, NO MESMO CORAZÓN DA IRLANDA.

E, ademais, ise arredamento dos dous anacos d'un mesmo corpo, será base de futuras discordias, QUE PODEN JUSTIFICAREN, NO DIA DE MAÑAN, A INTERVENCIÓN DA INGLATERRA, no nome do orden e das garantias pra os seus súbditos. Dejando a unha veira que faes discordias atrague-rán en colo da Irlanda o dictado d'indomefiabre. ¿Cómo justificaren os irlandeses, no futuro, novas loitas, ademais-tendo a pseudolibertade d'agora?

Ainda hai mais. Os membros do Parlamento irlandés prestarán un juramento que é a compreta negación dos principios nacionais. Eu non quero falare do juramento de fidelidade á Coroa da Inglaterra. O fin e o fallo iso pode sere—y-é ademais—unha fórmula. Mais na fórmula de juramento díse o seguinte: «En virtud de la común ciudadanía de Irlanda con la Gran Bretaña». E decire; qu'os irlandeses teñen a mesma cidadanía qu'os ingreses. Fican, pois, sendo ingreses. Porque si eu, nazonalista galego, hei seguire sendo, no futuro, e conquerida a libertade da miña Terra, cibdadán hespañol, ben craro é que non conqueriré libertade algúnhia. A cidadanía é o rubro da independencia. A Galiza, libre, con cibdadáns hespañoles, non sería libre. Eu, nazonalista galego, quero sere e loito por sere cibdadán galego. ¿Estado libre con cibdadáns d'outro Estado? ¿Cos dreitos de cidadanía dependentes da cidadanía allea? Nin eu o entendo nin pode entendelo ninguén.

Todo o dito é grave, moito grave. Mais ainda é mais grave o que falla por decir. Un pobo que loita pol-a sua independencia loita, d'un jeito indireito, pol-a iudependencia dos demais pobos asoballados. Unha loita pol-a independencia soio pode tere un senso liberal, un senso humán, cando pranteando o privativo problema, prantea ao mesmo tempo, un problema d'humán trascendenza. No conquerimento da pseudolibertade da Irlanda tomaron parte moitos pobos, ademais do irlandés. Os votos pol-o seu trunfo, as simpatias pol'a sua loita, os azos emprestados, a condenación dos procedementos da Inglaterra, foron outros tantos elementos qu'a concuencia universal puxo na balanza, en pro da Irlanda.

Y-esa concuencia universal emprestou todos ises elementos en pro da Irlanda, estimando qu'a Irlanda, por tal

feito, ademais dos compromisos privativos, adequería outros de carácter universal, en virtude dos que viñase ao comprometere cós prestatarios de tales elementos, a non faguere a paz coa Inglaterra, senón nas condicións,—non por non expresadas menos na concencia de todos—qu'a concencia universal agardaba. É decire: qu'a firma da paz coa Inglaterra tiña d'estar condicioda polos compromisos adequeridos por Irlanda coa concencia universal.

Porqu'as loitas nazonalistas—e a da Irlanda era das más características—teñen un doble aspecto. Son a loita pol-a propia independencia, mais son ao mesmo tempo—y-é o primordial—a loita por un principio. Si a Irlanda non loitaba por un principio non loitaba por nada. Os principios teñen mais importancia qu'a independencia d'un povo. (Falamos dos principios liberaes; craro é). E a concencia universal emprestáballe os seus azos á Irlanda porque defendía un principio liberal, d'interés universalista.

Pol-o tanto os irlandeses que rubraron o Tratado, ademais de iren contra a sua independencia, posto que non-a conqueriron, guindaron pol-a chán a defensa d'un principio que atopábanse obligados a defenderen por un outo intrés de carácter universal.

E pois pol-o momento, decisiva a victoria da Inglaterra. Fronte á concuencia universal, que defendía á Irlanda por sere defensora d'un principio de intrés mundial, Inglaterra abrangue qu'a propia Irlanda desbote ise principio.

Por outra veira: o triunfo é moito maior si tense en conta qu'os irlandeses, desd'o momento do rubro do Tratado, fican divididos, fronte ao enemigo secular.

Mais... Eis a De Valera. Vive ainda o defensor dos principios, Ise gran home, unha das figuras mais ergueitas da Humanidade, non presta a sua conformidade ao feito polos delegados irlandeses. Eis unha forte esperanza. El, n-istes momentos, é, por si e ante si, a i-alma eterna da Verde Eirín, tanto mais grande e mais do mundo canto mais sua é.

JAIME QUINTANILLA.

P. S.—As miñas dúbidas referentes á honradez dos delegados irlandeses, refírense, nada mais, que á sua honradez moral, á sua falla de valor e convicciós. Feitos posteriores á redacción do meu escrito confirmán tal criterio, posto que o Mr. Griffith asegurou no Parlamento que os delegados da Irlanda foran coaccionados pol-o Lloyd George, quen déralles un prazo de tres horas pra desbotaren ou aceitaren o Tratado.

Pol-o demás, no mesmo pé que de Valera áchase posta a respetábel viuva do mártir alcalde de Cork, entre moi-simos irlandeses.—J. Q.

V.<sup>da</sup> de H. Hervada Casa fundada en 1865  
A CRUÑA  
FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES, MAQUINARIA AGROCOLA, PEDRAS FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Suscríbase vostede

A NOSA TERRA

**Un Boletín interesante**

# O nazionalismo e o internacionalismo

A «Irmandade da Fala», do Ferrol, escomenzou a publicare un «Boletín mensual» que espalla gratuitamente por aquela cidade, c' o obxeto de faguer propaganda das nosas ideias.

O primeiro número, correspondente ao mes de Nadal, é moi interesante. E conqueriun un grande éxito, sobre todo entre os nobres fillos do traballo. Escrito n' un estilo craro e sinxelo, logrou que poideran decatárense moitos do democrático, lóxico e racional que é o noso movemento.

Este exemplo, digno de verdadeiro alaudo, da «Irmandade da Fala» do Ferrol, merecente é de ter imitadores n' outras «Irmandades», na de Santiago, agora volta a se recostituir, verbigracia. Porque Santiago, onde hai tanta mocedade, poderían colleitarse bós froitos, facendo ali unha propaganda de somellante xeito, que por non esixir ningún esforzo económico de parte dos leitores, resultaría a millor e mais doada.

Un «Boletín mensual», como o feito polos irmaos ferrolans—que fencionan tamén publicaren unha noveliña, obra de teatro, ou poema, ben imprentado, cada trinta datas.

Ollade agora este trecho do primeiro número do «Boletín mensual» da «Irmandade» do Ferrol, redautado por Ramón Villar Ponte:

«Pra que tí, lector, non coides qu' a nosa arela, o noso ideal nazionalista ten nada de reacionario nem de antide-mocrático, repasa as liñas que a continuación transcribimos, todas elas de «leaders» accesos da democracia e do internacionalismo universal:

Xan Jaurés, o mártir da paz europeia, dí: Non e posibel que á os proletarios lles sexa indiferente a independencia das nacións no estado presente do mundo. A unidade humana realizaríase na escravitude si fose o resultado da absorción de todal-as nacións vencidas por unha nación dominadora; a unidade soio pode creárese na liberdade pol-a federación das nacións autónomas.»

Vandervelde, leader do socialismo belga, dí: «A Internacional non será unha masa informe, unha papilla de nacións descompostas, sinón a libre e armónica federación de nacións autónomas. A libertade e a orixinalidade das patrias son necesarias á o crecemento do proletariado e á riqueza variada do xenio humano.»

O coñecido e sinificado socialista alemán Bebel decía: «A cultura e o desenrollo da civilización de un pobo soio poden evolucionaren favorablemente na liberdade e na independenza, e coa axuda da lingua materna.»

As manifestacións corroboradoras das nosas ideolo-

xías nazionalistas, feitas por *leaders* das doctrinas avanzadas, poideran insertarse a centos; non-o faguemos por non alongámonos excesivamente. Emporiso engadiremos que Largo Caballero dí: «O nazionalismo é a base do internazolismo. O nazionalismo é unha das etapas que hai que recorrer pra chegar a o internazionalismo.» Fernando de los Ríos manifesta: «O internazionalismo será un ideal tanto mais rico, tanto maior sexa a función viva que dentro de él desempeñen as unidades nazonaes.» Como todos saben, ademais, o Partido Socialista hispanol ten xa dentro do seu programa a Confederación republicana das nazonalidades ibéricas.

E pra findare diremos que no libro «O manual comunista», que contén as tesis presentadas polo Comité central da Terceira Internazional a o Segundo congreso mundial do comunismo dise, con relación ás custições nazonaes, o seguinte: Que pode suixerirse como obriga da Terceira Internazional o estudo da formación da federación de Estados soviéticos, admitindo a federación como un tránsito hacia a unión completa. Ten d' aparecer craro a todo o mundo que soio o soviet pode establecer a igualdade entre nacións; mais mentres chege ese caso todal-os partidos comunistas *deben emprestaren axuda directa* a os movementos revolucionarios das nacións dependentes ou asoballadas, e nas colonias, como Irlanda, Exipto, a India, Armenia, etc., etc.

E agora, leitor, dempois de meditado todo isto, fálanos.»

## DE ACTUALIDADE

### O culto da Vaca Astral na Galiza

Baixo este título i'en galego pra que millor poidan enterarse os cen millons d'homes d'a fala castelá esparxidos polo planeta, pubrica n'unha revista rexionalista don Vicente Risco, un intereseante artigo que damos traducido, hasta dond'o permeten nosos escasos conocementos d'a dolce «fábula» de Curros Enríquez, o divino empío, Rosalía de Castro, Brañas e Murguía, e os non menos deficentes que temos n'a língua de Camoens e de «Las Siete Partidas».

Eiqui ven unha tradución do artigo de Risco, que xa conecen os leitores.

Hastr' eiqui o querido articulista Sr. Risco, honra non de Galicia senón d' España enteira.

Nos, pol'a nosa conta añadimos que non hai mais qu'ollar a «Historia de Galicia» d'o agustino Felipe de la Gandara, ou a mesma d'o xesuita Juan Alvarez Sotelo, pra atopare en cada vinte detalles, un d'a «vermella vaca», E mais n'un número d'o boletín d'a comisión de monumentos d' Ourense (Noviembre 1912) e n'un soyo epígrafe

## Os viños do Ribeiro

### ARNUYA FINO

Síñifican o máximun d'a «deHcadeza»

Bodegas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: Waldo Losada

d'o artigo d'o siñor Martínez Salazar «La fauna de la toponimia gallega» topámonos con todos estes «bueyes o bois astrae» que xamais comerán herba d'as verdes pradeiras galegas: o «Boy Carnello», o «Boy Loiro», o «Boy Mazán», o de «Bego», os de «Cabeza, Río, Carballo, Meja, Val, Pena» e «Sacar de Bois», este último d'etimoloxía ben ouriental, q'houbó de sumire en confusions ó própicio etimoloxista galaico P. Sarmiento. Todo isto, por suposto, sen contare á famosísima «Vacca-Vacella, Becerra» ou «Breicecorra» que pa aquil, como pra nós, non e senón o «Diez», e decir, IO (Isis, Diana, Ataecina, Phoelea etc.), nin ó «Flavio Am-bacio» y'a «Proti Vacae» d'as inscricións inéditas d'Astorga, números 19 e 21 (Bol. de Setembro d'o 12) «nova esta última según o culto Marcelo Macías, n'a epigrafía peninsular».

Si os decretos d'o destino (Karma) queren qu'algún dia pasemol'o río Limia, pra facer respeito d'a casta e paganísima Galo-Grecia, outro libro com'o de «El Tesoro de los lagos de Somiedo» asturian eu prometoll' ó bo amigo Risco, pese ás suas afirmacións, mais d'un millar de cousas moy «astrales» e moy «vaqueiras» de cada e unha das provinceas d'a sua quirida «fala» galega. Samos, Celanova, Brandilanos e cen outros venerandos nomes, povos ou mosteiros, darán o seu á Relixión—Primitiva da Naturaleza ou d'a Vaca—Tierra—Luna, «mal que lles pese a moitos infelizes sectarios, qu'il e mais eu coneceemos.

## ROSO DE LUNA.

Da revista «Hesperia».)—Amado Carballo, traduxit.

## Conto ilustrado

(Adaptación do francés ó galego).

Foi qu'e certa ocasión atopáronse xuntos douis sonados políticos hespaños: Cambó e Romanones.

E díolle Cambó a Romanones:

—Pra que se decate da confianza que teño en vostede vou decirle o que no dixen a ningúen: eu... ¡eu son xúdío!

E respondeulle Romanones:

—Pois... confianza por confianza, eu... ¡eu son coxol

**Ilustracións.**—O rexurdimento das nacionalidades é un feito e os mesmos xúdios, sostendo c-oa sua intelixencia e os seus cartos, o internacionalismo non fan senón defenderen a sua raza, seu territorio. Os xúdios son os úneos nemigos verdadeiros do nacionalismo. Por iso cando un xúdío se chama nacionalista é preciso ollalo con certa desconfianza, pois tod'o mundo sabe que os xúdios endexamais traballaron, e ben pode calquera xúdío ocultar o seu internacionalismo pol-a comenencia de vivir dos nacionalistas.

CASTELAO.

## N O S

A notabre revista ourensana deste nome, fixo c'o número adicado á irmá Irlanda un xúrdio alarde de seriedade cultural e artística.

Todolos traballos que contén nas suas follas son dignos de se léren.

Cada vez son más os devotos e admiradores de «Nós».

Cantos amen a cultura galega e sintan na sua i-alma o enxebrismo patriótico áchanse na obriga d'axudar a notabre publicación d'Ourense.

## ¿Porque chorás, miña xoia...?

O mozo que con mais xeito  
soupe a muñeira beilar,  
qu'era o galán mais querido  
aquí n'este meigo val,  
por un deber que foi santo  
en toda a humanidá,  
istá agora en terras mouras  
pol-a bandeira a loitar...

\* \* \*

N'esta mañán fría d'inverno,  
Mari-Pepa, non fai mais que chorar...  
—¿Por que chorás miña xoia?—per-  
gunteille

—E que tés frío...? S'he por iso  
a calore do meu peito t'amornará...  
¡Qu'outra cousa, pra romedio do  
teu mal,

anque queira, non cha pudo dar...!

—Non e por frío que teña  
o qu'a min me fai chorar,  
non e por frío que teña  
sinón por frío que fai...!

—Xa sei, xa sei Mari-Pepa,  
xa sei cal e o teu mal:

Xa sei qu'o frío que tés  
non é o que te fai chorar,  
sinón que, sintes con pena,  
o frío que sentirá,  
aquei qu'a terras de mouros  
o levaron a loitar...

—Xa sei, xa sei rapaciña,  
o qu'a tí te fai chorar...!

.....  
Y'a nena, sin decir mais nada,  
¡cantas cousas me contaba,  
cando choraba,  
no seu delorido sospirar...!

M. Mesejo Campos.

En Cuntis, n'unha fría mañán d'inverno

do MCMXXI

## DO POETA DA RAZA

## ORXÍA CORTESÁN

Galego, meu bo galego  
que sudas na veiga a fio  
e soltas sin dar un chío,  
canto se quere de ti,  
deixa os terrons que te poñen  
mais probiño que as arañas.  
¡Ven a Corte das Españas,  
galego! ¡Ven a Madrid!

Verás que vida mais boa,  
sin reparar en diñeiro,  
a que pasa o teu foreiro.  
¡Eche un alabar a Dios!

Verás con que señorío  
teu ilustre diputado  
guinda o diñeiro arrincado  
ó dor das contribuciós!

Non agardes que te escoite  
nin lle pidas que se acorde  
de que o consumo te morde  
e de que o foro te roi.

Para soster o bandallo  
que chupa como unha palla  
cada noite fanlle falla  
os cartos que custa un boi.

Mentras tí como un bendito  
triste, probe e resiñado,  
turras e turras do arado  
sin darlle repouso á man,

en Madrid xogamos, rimos  
no cabaret, na ruleta  
ou bebendo si nos peta  
un cabazo de champán.

Ven a Madrid, bo galego,  
e veras como a «Fulana»  
de teu amo en Parisiana  
baila o tango e o «foxtró»,  
fuma xarutos exicios  
e xoga ó trinta e corenta  
e lambe bombons de menta  
e se apipa de «contró».

RAMÓN CABANILLAS.

## POUTAZOS

As Deputacións provinciales fixeron unha Asamblea en Madrid.  
¡Teríame chocado menos que a poboación penal de Santofim  
houbese feito un Congreso en Burgos!

¡Pórque entre un cacique e un penado veña bento de Deus o  
penado!

A medida de relevar de Melilla a todo militar que faiga de-  
claracions, tería de ser unha bendición de Deus si se apricase a  
«raja tabla.»

Non habería un soldado que non fixera declaracions. ¿Casti-  
go?—Non cairá isa breval—dicirian todos a unha.—B. Alvarez.

## ASTELAS

Eses siñores que proclaman un «regionalismo bien enten-  
dido», divírtense, porque me lembran os vellos libidinosos que  
van aos burdeles e, xa drento, non acougan, dicindo: «¡Nada  
d' escándalo! ¡Moitísimo orde! ¡Eu son unha persoa serial!»

Eu creio firmemente que as Deputacións provincias son as  
amigdalas do país. Decátase un da sua esistencia polas molestias  
que producen; e si as estirparan ficaríamos tan tranquilos...

Fernández Mato.

## LIÑAS DE LOITO

O noso bó irmán, o distinto polígrafo e membro da Academia  
Gallega don Euxenio Carré Aldao, áchase baixo unha fonda  
 pena: a morte d'un fillo, rapaz novo e intelixente, acaecida fai  
poucos días.

Nós con toda a i-alma o acompañamos na sua dor testimo-  
nándolle o noso pésame o mesmo que ao resto da estimable  
familia.

Outro bó irmán noso, Antonio Antas, culto e activo empre-  
gado de Correios, acaba tamén de sofrir a perda d'unha tía,

Facemos nosa a sua tristura.

E ainda outra triste nova. Aurelio Ribalta, o ilustre filólogo,  
modelo de enxebres e de patriotas a quem temos por un verda-  
deiro patriarca da causa, sofre asimesmo a dor de ter perdido a  
un sobriño seu, estudante na Universidade de Compostela.

Con fondo agarimo enviamos o noso pésame.

## PENEIRANDO

Os parlamentarios galegos, coma xa temos dito, s' axuntaron  
respondendo a unha iniciativa do flamante «Instituto de Estudios  
Gallegos.»

Na sua xuntanza, á que se enviaron moitas adesiós, tratouse  
de faguer xestións para que as Compañías de ferrocarrís milloren  
os servicios na nosa Terra.

E as xestións deron coma froito ¡a supresión do tren rápido  
da Compañía do Norte!

En troques o movemento d'opinión que se fixo na provincia  
de Pontevedra, secundado por todalas forzas anticalificadas  
da Galiza, dou por secuencia a supresión dos dereitos d'exportación  
para a nosa madeira de pino.

O contraste é bon.

Os picoretas argallaron unha xuntanza de «forzas vivas» no  
Goberno civil da Cruña para pillaren postos no Concello. ¡Cousa  
moi democrática, abofé...!

A esa xuntanza invitouse a todolos partidos e partidas da  
capital da Galiza.

Agás aos nazionalistas.

Cecais porque o nazionalismo é o único puro e o único per-  
igoso para o porvire.

Naturalmente que os nazionalistas inda que os invitases a  
somellante argallada, presidida pol-o representante do centralis-  
mo, non haberían d' asistire. Pro compre rexistral-o síntoma.

*Prosas de Risco*

## ESLAVOS E CELTAS

A opinión nazonalista galega está istes días conmovida e hastra sobrecolida d' entusiasmo e de ledicia pol-o trunfo da Raza na Irlanda.

Os nazonalistas galegos temos istes sentimentos de solidaridade internazonal porque hai eiquí un problema de raza que non hai nas outras nazonalidades pertenecentes ó vello tronco ibérico, embora elas se teñan manifestado mais valentes do que nós, coma pasa cos nazonalistas aragoneses, nados onte e xa a piques de nos collel-a dianteira.

Nós consideramos que na Irlanda foi a nosa Raza a que trunfou, a que tivo agora o pirmeiro trunfo, anuncio dos que virán.

Iles son coma nós, fillos de Breogán, tenen coma nós o mesmo mítico epónimo que d' esta Terra saiu, en remados tempos, coas suas xentes, pol-o porto da Cruña, o porto brigantíño, ond' o rey Breogán deixou a sua lembranza na chamada Torre d' Ercole, que os bardos irlandeses chaman «Tor Breogán.»

Galiza é o vello fogar da nobre raza de Gael poboadora da verde Eirín, qu' eli se fixo heróica e xigante pol-o sofrimento, pra nos servir d'eixempo ós qu'eiquí quedamos.

E Galiza ten que sentir coma trunfo seu iste pirmeiro trunfo da sublime Irlanda, qu' ademáis ven anunciar unha nova Era na Estoria da Civilización: un novo advenimento da nobre Raza Céltiga a pesar nos destíños do Mundo, cando as sete nazós que componen o corpo da Raza, venian a constituir unha comunidade de Cultura que ha encher de luz ó Occidente.

En Oriente os Eslavos, en Oucidente os celtas: eis a futura Europa. Eis a sinificación do trunfo da Irlanda, eis a sinificación que ten pra nós e pr'o mundo.

Por todos nós sufriu Irlanda, verdadeiro Cristo das Nazós, mesiánica e redentora, espello eterno de sacrificio e de gloria. Irlanda abriu as portas da Estoria futura.

Benia ós fillos de Breogán!

Vicente Risco.

### «O Bailado» de Teixeira de Pascoaes.

Eis un novo libro do mestre, do grande poeta que hoje señala a crítica como un dos primeiros do mundo. Ora «O Bailado» ¿que é? Ouzamos a o propio autor:

«Desejei falar de mí n'este libro, redigir uma especie de «Memorias». Fui escrevendo, escrevendo... Falei dos outros, a final Mas quem somos nós senón os outros? Un homen é todos os homes que pasaran por ele n'esta vida e todas as cousas que

## O Congreso mundial da raza irlandesa

Antes d'un mes escomenzarán da chegar a París os asistentes e delegados do Congreso mundial da raza irlandesa. Xa se achán a camiño os que veñen de Nova Zelandia, Tasmania e outros lonxanos países. As sesións do Congreso han duraren sete días e sua abertura terá efecto o 21 de Xaneiro do ano que agora principia.

Trataráse, entr' outras cousas, do desenvolvemento económico da Irlanda e do rexurdimento da lingua irlandesa, así como das artes e oficios nacionaes.

Faránse tamén represéntacions de teatro en gaélico e francés, e concertos de música irlandesa e concursos de bailes nacionaes.

## Os parlamentarios gallegos

Dixo na «Zarpa» d' Ourense Fernández Mato: «Dóllles a embora aos deputados galegos (existen?) que se xuntaron com' os pingüinos—paxaros de camisola e chaquet—encol do penedo ermo da indiferenza. A sua Asamblea risibel deixa ao ar, impúdicamente, o total esgotamento da sua autoridade moral. A pose de Moisés é bufa si o mare non se fende nin a pena deita, despois do conxuro solene. Dóllles a embora, porque xa non inspiran nin xenreira. Repersentan mal unha cativa comedia, pro non repersentan lexítimamente un país. Son os fogos fátuos que choutan por riba d' unha cidadanía defunta. Cando se xuntan, fan lembrar os coristas que bisbiscean n' un recuncho, entre as suntuosidades finxidas de gardarroupía, desfalecendo apoiados nas alabardas de cartón e sonándose co' as pelucas. ¡Parlamentarios galegos! Xamais o megalomanía tivo somellante pretensión!

## A door do patriarca

O grorioso patriarca don Manoel Murguía, pasa por unhos momentos tristes. Aos seus anos, perdeu unha das suas fillas, filla tamén da santa e inmorrente Rosalía. Unha filla que herdara o talento dos pais, aquela parella para que Galiza ten e terá sempre un culto d' admiración e amore.

As doores e as mágoas do vellido e xenial presidente da Academia Gallega, cujo nome é un gran poema cheio de luces e lembranzas, nós, como tódolos bos galegos, temos de facelas propias.

Dóienos, pois, na i-alma o sentimento fondo que hoxe ateiga o corazón do derradeiro «precursor» d' un dos meirandes homes de talento que houbo na Terra.

FOLLAS NOVAS

Libros e Revistas

ele víu. Nós somos o núcleo sensibel e consciente d'unha turba... Eu son todas as creaturas e todas as cousas. Eis ahi-o asunto d'este libro: certas pesoas e certas cousas que o tempo espectralisou na minha lembranza. Amei-as, assimilei-as non as distinguindo meu ser: floresta de sombras, ao luar. A vida é uma auto-revelación constante...»

Estas palabras do ilustre poeta criador da escola saudosista lusitano-galega, ja nos teñen posto en antecedentes do que é

«O Bailado». Unha cheia d'anécdotas enfiadas como contas d'un colar, n'unha lembranza lírica, eco do pasado do mestre, que con exquisita arte acertou a embalar en trechos de prosa magistraes, un libro moi moderno no que o xeito aforístico triunfa soberano. Os aforismos—anduriñas da dialéctica, según a frase de Eugenio D'Os—andan pol-as follas do novo libro de Teixeira de Pascoaes, a voaren alto...

«O Bailado» é un breviario de delicadezas psíquicas e tamén un poema en prosa. A i-alma exquisita do outísimo vate lusitano, como o sol anda a esbarar por sobre todo, saíndo sempre limpa e sin lixos dos contactos co'a terra e d'os homes. Chouta e es-cintilea nas anécdotas do libro o mesmo que a luz nas facetas d'un brilante. O libro, porén parecenos un libro de horas. Un libro íntimo, un libro de recollemento, amigo da soledade, que compre levar no peto para lérmolo a solas no cume d'unha montaña, á sombra verdecente das árbores d'un jardín silenzioso, ou naguel recunchiño do fogar a onde non chegan os berros e os trafegos das ruas.

«O Bailado» está cheio de pensamentos profundos e d'íma-nes poéticas. O saudoso lirismo de Teixeira de Pascoaes pon en todo canto toca a sua musa genial un veo de melancónia requin-tada como a luz dos belos crepusculos do outono.

Espléndidas paisagens de almas amóstranse nas follas de «O Bailado».

E este libro un libro de maturidade. E se lé unha vez e mais outra sen cansazo.

«Nunca beheste en manhãs de sol, unha gota de orvalho? E agua ceu e luz. Bebela é comungar a Creaçao» Isto di o autor de «As Sombras» facendo un poena de sinxeleza.

Pois «O Bailado» está cheio de cousas de este xeito; cousas aadas, velaiñas que contrastan con outras d'unha fondura cruel e arrepiante, onde os pensamentos do poeta resultan espellos para ollarmos todal-as nosas tristuras. Todal-astragedias do viver cotidiano achan un eco melancónico nas prosas do «Bailado».

Ora, pois, escusado nos parece recomendar a os nosos leitores este libro admirabel que o mesmo que «Sempre», «Terra prohibida», «Arte de ser portugués», «Maranos», «As Sombras» e «Cantos Indecisos» deben atoparse en todal-as Bibliotecas de cantos galegos selan homes de bó gusto.

Teixeira de Pascoaes é un genio da nosa raza. Unha das meirandes glorias literarias da irmá Lusitania.

Defundindo as suas obras imorrentes pol-a Galiza, conquérimos prestixos para a nosa língua ponla espléndida da arbre admirabel onde o idioma portugués amostra froitos eternaeas. Canto mais se universalice a lingua lusitana pol-a imposición dos seus geníos, maor razón pará o cultivo do galego terémolos nazionalistas da Irlanda peninsular. Asín a independenza de Portugal ha ser tida por nós como a propia independenzal Ja o dixemos moitas veces: si algún día os soños imperialistas ridícolos de Castela quixer perturbaren a vida propia da irmá lusitana, cousa non doada, os nazionalistas galegos como un só home teríamos a sagra obriga de pornos, por instinto de conservación, do lado de Portugal en corpo e alma. Que Portugal é como a pedra de toque onde os nosos valores esvaídos ja renascentes, han de se poderen aquilarat sempre.

Co'a axuda de Portugal, no intercambio entre os seus artis-tas, literatos e pensadores e os nosos, hemos de atopar as armas para nos cobrire de gloria nunha nova Aljubarrota espiritoal, frente a Castela.

Teixeira de Pascoaes, o primeiro poeta da Iberia, é o mestre e o guía lumioso das arelas pangaleguistas. Leonardo Coimbra, o mais grande pensador peninsular quen definir ha as comunas aspiracións.

Poriso cada novo libro do gran vate saudosista énchémos de fonda alegria. E «O Bailado», rematamos, é o excelente libro confidencial do Genio...

A. VILLAR PONTE.

#### Dous contos para crianças, de Ana de Castro Osorio

Ista ilustre escritora, cheia d'amor pol-as crianças, que moitas obras patrióticas ten feitas, sendo da estirpe pol-os bos sentimentos, da nosa Concepción Areal, tuvo a gentileza de nos enviar dous exemplares dos seus contos para meninos «A Princesa muda» e «Os dez anoesinhos da tia Verde agua» moi ben editados con ilustracións do genial artista Leal da Cámara.

A señora Ana de Castro Osorio mostra grandes disposicións para tan difícil género literario. Son os seus, contos moraes e amenos.

#### Seara Nova

Chegou a nós o terceiro número d' esta revista de Lisboa, tanto ou mais interesante que os outros.

«Seara Nova» inserta un artigo do académico e publicista Euxenio Carré Aldao encol da irmandade entre Portugal e a Galiza.

#### Terra Gallega

Na Habana escomezou a se pubricare unha revista ben apresentada, toda escrita na nosa lingua e defensora do ideal nazionalista, que dirixe o Sr. Orjales.

Ter pregado a colaboración dos galeguistas de mais autoridade.

Ogallá conquira longa vida.

#### Libros novos

«Vento Mareiro» de Ramón Cabanillas váise pórra a venda. Tamén está a sair un libro de Charlón e Sánchez Hermida que contén dous parrafeios teatraes: «Mal de moitos» e «Trato a cegas».

A primeiros do añiño publicaránse «Abrente», poesías de Victoriano Taibo e «Doctrina nazionalista» de R. Villar Ponte.

#### Follas de sementeira

A «Irmandade» do Ferrol, acordou publicar unha folla mensual imprentada que s'espallará gratuitamente.

N'esa folla hánse tratar todal-as custiós d'interés para a nosa Terra.

A primeira e interesante.

#### «Mal de moitos» e «Trato a cegas».

Unha casa editorial ferrolana, acaba d'imprentar pol-a sua conta estes dous parrafeios teatraes dos nosos queridos irmaos Euxenio Charlón e Manoel S. Hermida. A mesma casa, imprentará logo outros parrafeios dos mesmos autores.

E tal a seguridade do éxito económico que ten o editor, que non fixo, como alguén podería coidare, unha edición pequena, senón de varios miles d'exemplares, tal que calquer casa de Madrid ou Barcelona. O volume, asímade, achase moi feitucamente composto. No seu tipográfico nada pode envexar aos das millores empresas editorias. Imprentado en papel pluma, leva unha portada moi moderna do notabre artista Alvaro Ce-breiro. Contén, tamén, un entroido de A. Villar Ponte.

O mesmo «Mal de Moitos» adicado a o coro «Toxos e froles» que «Trato a cegas», adicado a o inmenso Castelao, son duas obrifás que parellamente co'a risa que producen obrigan a sentiren de xeito patriótico a os leitores.

Charlón e Sánchez Hermida, tan bos actores como autores, merecen o aplauso da Galiza enteira por tanto feito pol-a santa causa da enxebrezación da Terra. A nosa embora cordial a entrabmos queridos irmaos. E que este éxito editorial d'agora les dea azos para seguiren traballando en pro do erguimento xa tan perciso da Patria. Eles son modelo de galleguistas acesos e puros. E as suas obras exemplo para quenes fencionen faguer teatro de costumes.

# COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidad — Servicios directos desde o porto da Cruña

Próximas saídas DIREITAMENTE da Cruña

**Vapor LAFAYETTE 22 de Enero**

Prezo en Cámara para o vapor LAFAYETTE

		HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías)	Ptas.	1.650 a 5.000	1.800 a 5.250
Segunda crase	"	1.100	1.200
Preferencia	"	1.000	1.050
TERCEIRA CRAS.	"	600	600

Prezo en Cámara para o vapor FLANDRE

	HABANA	VERABRUZ
Primeira (varias categorías).	Ptas. 1.350 a 3.600	1.495 a 3.906
Segunda.	" 1.100 a 1.125	1.200 a 1.225
Preferencia.	" 1.000	1.050
TERCEIRA CRAS	"	

A estos precios hai que añadir os impostos

Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.

Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

D. NICANDRO FARIÑA, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA

# COMPANÍA CHARGEURS REUNIS

Y

# COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Línea Brasil-Plata

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bós Aires, saírán do porto da Cruña os maníacos vapores rápidos a dobre hélice

DATA	VAPOR	Prezo en 3. <sup>a</sup> cras
6 de Xaneiro	SALLANDROUZE	484'60 pesetas
9 de id.	ALBA ex «Sierra Ventana»	484'60 "
23 de id.	BELLE ISLE	484'60 "

Prezos en cámara

	Pernambuco	Bahia	Rio Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
Prezo do billete en luxo Ptas.	6.000		6.000	6.000	6.000	6.000
En primeira crase. . . . .	1.650		1.925	2.000	2.350	2.435
En segunda crase. . . . .	825		825	825	825	825

NOTA.—O vapor ALBA, ex-«SIERRA VENTANA», fará escadas nos portos do Brasil.

Nenos menores de dous anos, un gratis por cada familia; de dous a cinco anos, cuarto pasaxe; de cinco a dez anos, medio pasaxe; maiores de dez anos, pasaxe enteiro.

E necesario presentarse nesta Axencia cinco días antes da saída do vapor.

Para mais informes dirixirse aos seus Axentes Xeneraes en Hespaña:

**ANTONIO CONDE (Fillos)**

Plaza de Orense, 2-A-CRUÑA

Telegrams: CHARGEURS